

ARXAN: O DEBANDAR DUNHA HISTORIA

A historia de Arxán arranca cara o ano 1750 (S. XVII), coa fundación duna Capela na honra de Nosa Señora da Mercede por D. Antonio Varela do Barreiro e a súa muller Dna. Inés Fernández Marzoa, señores da casa de Recelle.

O andar desta fundación pasa por varias etapas:

1. *Os comezos:* Foi un período marcado pola influencia da familia Varela. O seu afán de control derivou nun pleito ante o Arcebispado. O resultado do mesmo marcou a historia futura de Arxán. Nesa época os fidalgos rurais fundaron centos de capelas que servían para o “disfrute” privado seu, e dos familiares. Mesmo prohibían a entrada á xente (os “plebeos”), poñendo incluso rellas por diante. Con estas fundacións aseguraban un posto de traballo de capelán para un familiar. Eran capelas que non beneficiaban en nada á comunidade parroquial. En Arxán non foi así –aínda que a familia o pretendera-, por tratarse dunha capelanía colativa, na que o seus bens pasaban á Igrexa. A familia conservou, eso sí, o privilexio de enterrarse nela. A sentenza do pleito respondía ó fin fundacional dos estatutos. Este fin buscaba facilitar a práctica relixiosa dos vecinos do “partido de arriba” da parroquia de S. Cristobo de Mesía. Ven definida esta etapa polo espírito da Contrarreforma do Concilio de Trento. As Visitas do Bispo realizan un control e seguimento doutrinal. Pero, por outra banda, o fregués leva o protagonismo da xestión económica. O conxunto Relixión-Igrexa-Pobo sería, quizáis, a fórmula apropiada, penetrada na praxe polo espírito da Mercede. A morte de D. Jacinto Varela Vaamonde (1730) podería marcar o final desta etapa.

2. *Esplendor:* Caracterízase pola maior integración na unidade parroquial: visitas do gando no adro da Igrexa, maior axuda económica á Igrexa parroquial. D. Pedro de Ron y Thobar, párroco desde 1745, segue esta liña. Arxán, por outra parte, funcionaba como unha case-parroquia. Celebrábase alí misa tódolos domingos do ano, excepto algúns especiais; ademais das devocións populares: rosarios, viacrucis, procesións, etc. Mesmo tiña o privilexio -excepcional para unha capela- de ter o Santísimo. Tal privilexio fora concedido polo Bispo Carrillo no 1976. Tamén se consolida a participación dos veciños a través do maiordomo, na xestión económica. Esta fase dura o período enteiro do Antigo Réxime.

3. *Decadencia:* Trala morte de Fernando VII (1834), xorde a crise. O crego de Mesía, D. Bartolomé Rodríguez, é expulsado da parroquia, aínda que retorna ó cabo de 7 anos. A contabilidade tórnase confusa. As aparcerías do gando desaparecen. Para colmo, no ano 1860, o arcebispo García Cuesta manda retirar da Capela ó Santísimo, porque rara vez se celebraba misa nela.

4. *Rexurdimento:* Iníciase coa creación da nova capelanía. D. José Fontanes foi o primeiro capelán nomeado no 1888. Permanece 10 anos vivindo na casa dos capeláns, en Arxán. Veñen despois del dous capeláns máis. De cara a 1910 desaparece a capelanía e comeza de novo unha etapa de pouca vida.

5. *Presente:* Preto dun século de difícil mantemento e conservación do complexo de Arxán, no ano 1998, iníciase as obras de rehabilitación da Capela, e constitúese legalmente a “Asociación de Amigos da Capela da Nosa Señora de Arxán”, coa ilusión de recuperar un rico pasado e non perdela nosa memoria histórica.

ARTE: ARQUITECTURA E ESCULTURA

A Capela da Nosa Señora da Mercede de Arxán é de planta rectangular, cunha superficie duns 104 m., e consta de nave central e presbiterio, tendo unha altura de 6,25 m. o corpo da nave, e 4,62m. o presbiterio. No ano 1716 engadiuselle a sancristía, que mide sobre 15 m. Un arco de medio punto separa o presbiterio da nave. Dentro do presbiterio atópase o sepulcro dos fundadores, cuberto con dúas lousas de pedra cos



Retablo Principal (Nosa Sra. de Arxán)

seus nomes e escudos propios. Os muros están construídos con mampostería de esquioto e barro. A fachada principal e os muros do presbiterio son de cantería de granito. A tribuna é de madeira, coma o balaústre e pasamáns. O elemento característico da Capela é o rosetón da fachada, unha filigrana en pedra. Sobre a fachada está a espadaña, que garda as campás.

O elemento cultural máis importante é o retablo principal, de estilo neoclásico, feito por Antonio Pernas, escultor de Santiago no ano 1776. O seu custo foi de 3.100 reais, incluíndo tamén a imaxe da Nosa Señora, as dos Santos Ramón e Antonio, e a imaxe de S. Cristobo para a Igrexa parroquial. Na nave hai dous retablos colaterais, o da autoría probablemente de Francisco Rodero (1834).

Tras un período de certo abandono, no ano 1997 comezouse a executar un amplo proxecto de rehabilitación que comprende a cuberta, coa substitución de todo o tellado por un novo de tellas suxeitas a pranchas de fibrocemento; substituíronse taboas e puntos podres do artesoado do presbiterio; pintouse e saneouse todo o exterior, etc. En setembro do 2001, acábase de restaurar o retablo principal e os dous colaterais. Durante este traballo foron descubertas, tralo retablo dúas pinturas, representando dúas figuras orantes, achádego que está pendente de ser valorado na súa importancia.

ECONOMÍA E OBRA SOCIAL

¿De onde saía o diñeiro para cubrilos gastos da fundación da Capela? A explicación non está nas rendas de trigo que os arrendatarios pagaban polas leiras da Capela. Eses cartos, 10 ferrados en 1807, a 19 réas o ferrado, sumaban 205 réas. O meirande ingreso da capela proviña das aparcerías do gando. As aparcerías eran os bois de onde a Capela tiña a súa ganancia. O maiordomo facía entrega dos bois ós veciños para traballalas terras. Na primeira época tamén se entregaban vacas. Os “tenedores” pagaban un rédito anual dun 6, segundo a taxación dos bois. Cada ano facíase a visita de taxación, devolvíanlle o animal ó mantedor ou retirábanllo en caso de coidalo mal. Os maiordomos tamén eran elixidos cada ano. Entre os que tiñan o “gando da Nosa Señora” había veciños doutras parroquias. O número de bois á ganancia chegou a ser de 52, no ano 1826, cun capital principal ou valor de 12.746 réas. En xeral, durante cen anos, ata 1830, os ingresos da Capela (rendas e réditos do gando) acercábanse os mil réas. Daquela un boi custaba entre 200 ou 300 réas. Ese diñeiro servía ás necesidades da Capela, casa de fábrica, e tamén ás da Igrexa parroquial, con menos recursos. Esta función de “axuda” da parroquia estaba establecida polo Arcebispado. Os Bispos, nas súas Visitas decidían as obras a realizar na

Capela e os investimentos en culto (roupa, mobles e obxectos litúrxicos)

Pero os réditos do gando acabaron por desaparecer. A Visita do arcebispo Frei Rafael Vélez, no 1830, provocou a crise ó querer reformalo sistema. Opuxéronse os mantedores, pararon as visitas do gando, e moitos compraron os bois. Esta situación durou ata preto de 1860. Así foi o final das aparcerías. Estas non eran só unha forma de financiación. Constituían unha Obra Social de axuda e solidariedade cristiá dentro do espírito da Orde da Mercede. Os ingresos, dende aquela, quedaron reducidos ás rendas das leiras, nuns anos, por certo, de moita fame. Houbo nesta época, por outra parte, moita confusión nas contas da Capela, polo descontrol nun período de turbulencias políticas. Perdéronse moitos fondos da Capela. De 10.796 réas non se recuperaron 4.410. Estes fondos axudaron ás obras na Capela e na casa dos capeláns, realizadas por D. Manuel de la Rúa no 1888. Trala época dos capeláns –comenzos do S.XX-, a Capela foi xa incapaz de autofinanciarse, sendo os veciños os mantedores da mesma. Nas obras, aínda en curso, lévase investido preto de catro millóns de pesetas. Aínda que con aportacións do Arcebispado, Concello e Deputación, a meirande parte puxeron os veciños. O feito revela unha loable xenerosidade e interese pola súa parte.

DA CASA DA FÁBRICA Á CASA DOS CAPELÁNS

A casa da fábrica, tamén chamada “caseta da Nosa Señora” noutros tempos, foi convertida máis tarde na casa dos capeláns. A Capela tivo sempre un capelán nomeado para a súa atención, e con responsabilidade do cumprimento das misas da fundación; pero non vivía na parroquia. Para a súa residencia o fun-



Casa dos Capeláns (actual estado ruinoso)

dador, D. Antonio Varela do Barreiro, donou unha casa no lugar da Agualada, na parroquia de Bascoi. Polo mesmo, o edificio que está acaron da Capela, utilizábase unicamente como local social da fundación de Arxán. Aí, cada ano, os maiordomos rendían as contas da Capela, ante o cura da parroquia de Mesía acompañado do perito contador e de varias testemuñas, que firmaban acta das contas ó remate. Con todo, as contas tomábanse normalmente na casa-vivenda do cura respectivo, nos lugares do Monte, Albite, Leborís e na casa rectoral, unha vez construída esta no ano 1792. A caseta tamén serve de vivenda para algúns veciños, pagando por ela un ferrado de trigo como renda. En certa ocasión, un ocupante foi desaloxado por realizar un arrimo sen autorización. Noutras, os veciños reclamaron a súa utilización durante os tres días das festas de setembro.

No ano 1888, a caseta convértese na vivenda dos capeláns, porque non había casa dispoñible onde poder acomodarse. Para iso realizouse unha adaptación importante. Algunhas reformas foron: unha ventá de cantería con rella, a chimenea, cal para o cuarto principal, viga da cociña e vertedeiro, retella da cuberta, etc.

Tralo período dos capeláns (cara a 1910), a casa aínda serviu de vivenda para algún veciño, ou mesmo de local para o xantar da voda dalgún veciño, polos anos 40. O seu deterioro produciuse despois da marcha do último ocupante, nos anos 60. Desmontada a cuberta, a casa entrou nun preocupante estado de abandono e semirruína. Polo seu valor histórico e simbólico, ben merece conservar este edificio que, xunto ca Capela e a carballreira, forma parte do complexo de Arxán. Sería de moi laiar a súa perda.

ALGÚNS FEITOS DESTACADOS

No acontecer da fundación da “Nosa Señora de Arxán” hai feitos que merecen ser sinalados:



Casa Grande de Recelle

1. *O pleito da Capela:* O contencioso entre D. Jacinto Mosquera, cura de Mesía e fundador da Capela de S. Francisco Xavier en Albite, e D. Antonio Andrés Varela do Barreiro, da casa grande de Recelle, tivo moito que ver cos “alcances” ou fondos da Capela (as rendas das leiras e aparcerías do gando). O Arcebisado, no ano 1680, fallou en contra da familia Varela. Segundo a sentenza, a Capela non é de ningún patrón. Mais aínda, o arcebispo D. Luis de Salcedo, na Visita á Capela no ano 1722, manda que se retire da mesma o escudo de armas de Recelle, afirmando ó tempo que a Capela é de todos os fregueses (veciños). Diante do prelado estaban D. Simón Varela Vaamonde, o señor de Recelle, mailo seu irmán (D. Jacinto, cura propio de Mesía). Tan mal lles sentou esta Visita e a súa proclama, que feridos no seu honor pensaron apelar ó Nuncio do Papa. Pero o asunto non foi mais adiante.



Escudo Casa Grande de Recelle

2. *Os fusilados polos franceses:* Na Guerra da Independencia, as tropas de Napoleón atravesaron a parroquia de Mesía. Ó seu paso arrasaron, a Capela quedou enteiramente “derrotada”. Queimaron, e o peor, fusilaron a trece veciños, a maioría xunto o cruceiro da Capela. Foi un 13 de febreiro de 1809. De primeiras, foron enterrados dentro da Capela, nunha única fosa e cun só responso do cura para cada un. Toda a xente fuxira chea de medo. Pasado logo o perigo, fixéselles a todos o enterro e funeral. ¿ Cal é a razón da crueldade do “furor francés” cunhas “víctimas inocentes”, veciños todos da parroquia de Mesía?

3. *A desamortización:* Tamén lle afectou á Capela de Arxán a desamortización ou venda dos bens da Igrexa, de acordo coas leis desde 1835. As rendas do santuario foron consideradas como desamortizables en 1846. Dende entón, unhas veces foron levadas por Facenda, e outras foron devoltas. Pero, no ano 1866, as leiras da Capela foron vendidas en subasta pública. Mais, ó existir unha capelanía colativa, o titular da mesma recorre ante Facenda para que suspenda a adxudicación das fincas. Salváronse as leiras, pero aínda así no 1884, un investigador de Facenda quere reclamar as rendas atrasadas, non o conseguiu. A creación da nova capelanía (1888) serviu para asegurar a propiedade dos bens da capela.



ASOCIACION DE AMIGOS DA CAPELA DA NOSA SEÑORA DE ARXAN

O vilar – S. Cristobo de Mesía.
15685-MESIA (A Coruña)
Teléfono 981 19 92 66

TEMOS UNHA LONGA HISTORIA



A CAPELA DA NOSA SEÑORA DE ARXÁN

(Mesía)

